

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04 - 07 - 2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Enxeñaría Informática
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	E. S. de Enxeñaría Informática
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input checked="" type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster da ACSUG de xullo de 2015.”

Cumprimento do proxecto establecido:

En xeral, o conxunto de evidencias e indicadores aportados polo título proporcionan información suficiente sobre a adecuada implantación do título. Así mesmo, en xeral, a información pública está completa e dispoñible de forma clara e accesible.


Plan de melloras do título:

En xeral, o plan de melloras presentado polo título, recolle os seus puntos febles e inclúe accións de mellora coherentes para a súa solución. Non obstante, recoméndase adiantar os prazos de finalización dalgunhas accións de mellora (maio/xuño). En particular daquelas accións nas que se elaboran informes, de xeito que as conclusións destes informes podan ser tidas en conta a hora de tomar decisións de cara o curso 2016/17.

Modificacións do plan de estudo:

Non procede.

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

Conforme excelente Conforme Non Conforme

A B D
 C

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	A
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/ asignaturas	<p>Revisáronse as guías docentes das seguintes materias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informática: Programación I - Redes de computadoras II - Dispositivos móbiles <p>As tres guías axústanse en contidos, competencias, metodoloxías e sistemas de avaliación co proxecto recollido na Memoria de Verificación do título.</p> <p>O arquivo en formato “pdf” xerado a partir das guías docentes, pode incluír unha páxina cun listado de erros que se producen durante o propio proceso de xeración do arquivo. Este listado parece na primeira folla da guía docente, o que dificulta a súa lectura. Detectouse este problema nas seguintes guías docentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programación I - Aprendizaxe baseada en proxectos - Desenvolvemento de aplicacións para Internet - Traballo Fin de Grao
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	<p>Nas actas do último curso da comisión académica da titulación non se atopan evidencias sobre as accións de coordinación desenvolvidas ao longo do curso 2014/15, tales como actas das reunións de coordinación ou o informe de coordinación.</p>

	A ausencia destas evidencias xa se recolle en anteriores informes de seguimento (Informe Final de Seguimento 2013/14 emitido por ACSUG).
--	--

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
As guías docentes das seguintes materias, teñen erros cando se xera o seu pdf: <ul style="list-style-type: none"> - Programación I - Aprendizaxe baseada en proxectos - Desenvolvemento de aplicacións para Internet - Traballo Fin de Grao 	Non	Recoméndase revisar que os arquivos en formato "pdf" xerados a partir das guías docentes non inclúan un listado de erros.
Non se atopan evidencias / rexistros sobre as accións de coordinación desenvolvidas ao longo do curso 2014/15, tales como actas das reunións de coordinación ou o informe de coordinación.	Non	Evidenciar as accións de coordinación levadas a cabo polo título, elaborar e rexistrar na aplicación SGIC-STO o informe anual de coordinación do título.

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	B
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E4: Guías docentes das materias / asignaturas	Os campos das competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación incluídos nas guías docentes correspóndense co establecido na Memoria de Verificación do título.
Recomendacións para a mellora	E4: Guías docentes das materias / asignaturas	Recoméndase revisar que os arquivos en formato "pdf" xerados a partir das guías docentes, para que non inclúan o listado de erros, na primeira páxina.
Recomendacións para a mellora	E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	Recoméndase evidenciar as accións de coordinación levadas a cabo polo título, e elaborar e rexistrar na aplicación SGIC-STO o informe anual de coordinación do título. Nótase que este aspecto xa foi salientado no último informe final de seguimento da titulación, no que se indica que "no se han encontrado evidencias de las reuniones de coordinación, en aplicación de la clara estructura existente de coordinación del título".

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	A	A información que o título publica sobre a estrutura do programa formativo, os horarios, aulas, calendarios de exame, e TFM (normativas, convocatorias, temáticas) é útil, de fácil acceso e está actualizada.
A información do SGC é completa?	A	Manual, procedementos, políticas e obxectivos están dispoñibles a través de la páxina web do centro, no apartado de Calidade. A información está actualizada.
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	A	A información que o título fai pública sobre o profesorado, o persoal de apoio e os recursos materias do título é completa e está actualizada.
A información dos resultados é completa	A	O informe de revisión pola dirección é accesible a través do apartado de Calidade da web do centro (enlazado dende a páxina web do título). O informe inclúe todos os criterios do seguimento (admisión, resultados académicos, obxectivos de calidade, satisfacción dos distintos grupos de interese, ...).

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	A
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		En xeral, a información sobre o título (organización académica, SGC, recursos humanos e materiais, resultados) está actualizada e facilmente dispoñible.
Fortaleza		Dispoñer de fichas do profesorado completas e de fácil lectura (incluíndo información sobre experiencia investigadora e profesional).
Fortaleza		En xeral, a información sobre os servizos e o persoal de apoio é

		completa e accesible.
Fortaleza		Dispoñer dun apartado específico na páxina web do título dedicado aos plans de mellora de todos os programas de calidade vinculados o centro e as súas titulacións, o que facilita a súa lectura e seguimento.
Fortaleza		Dispoñer dun apartado específico na páxina web do título dedicado aos resultados do título, o que facilita a súa lectura e análise.
Recomendacións para a mellora		Se ben se considera unha fortaleza a existencia dun apartado específico para os resultados do centro, a información actualmente dispoñible podería ampliarse coa proporcionada pola Universidade de Vigo, engadindo un enlace ao seu portal de transparencia (por exemplo, para coñecer información sobre inserción laboral) dende a propia web do centro, sen ter que coñecer a web da Universidade de Vigo.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Sistema de garantía de calidade certificado – 2014
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Sistema de garantía de calidade certificado – 2014

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade **A**

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		Ter a implantación do sistema de garantía interna da calidade do centro certificado

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	Os resultados das enquisas de avaliación da actividade docente están publicados na páxina web do título (e polo tanto son accesibles para todos os grupos de interese). Sen embargo, no informe de revisión pola dirección non se analizan estes datos, nin a súa evolución. Recoméndase incorporar esta análise (participación, resultados, evolución) ao informe de revisión pola dirección, no futuro.
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Dispónse de enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. O grado de satisfacción do alumnado coa a planificación e desenvolvemento da ensinanza, está un pouco por debaixo dos 3 puntos (meta establecida polo título, e valor que se corresponde co aprobado). Tamén o é o grao de satisfacción coa a xestión de calidade. Recoméndase analizar cada un dos ítems que forman parte das enquisas de satisfacción, e para aqueles que teñan unha valoración por debaixo do 3, estudar a necesidade de poñer en marcha accións de mellora.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	O informe de revisión pola dirección non inclúe información sobre as enquisas de avaliación da actividade docente. Os resultados revísanse a partir dos informes que xera a Universidade de Vigo (e que está dispoñible na páxina web do grao). O índice de participación do estudantado nas enquisas de avaliación da actividade docente é maior do 60 % e, a valoración global sobre o profesorado (3.75) esta por riba da media dos graos da rama (3.60) e da universidade (3.70), e a valoración de cada un dos ítems relacionados coa actividade docente valóranse por encima do 3.5. Pode considerarse que todos estes datos son positivos.

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Se ben nas evidencias e indicadores aportados polo título pódense consultar os resultados das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) (incluíndo a participación), no informe de revisión pola dirección non se inclúe unha análise sobre os resultados ou a súa evolución.	Si	Recoméndase recoller e analizar a información sobre a avaliación da actividade docente por parte do alumnado do Grao en Enxeñaría Informática no informe de revisión pola dirección. Esta acción forma parte do plan de accións de mellora do título (<i>"Análise da evolución da valoración docente do profesorado do Grao"</i>).

<p>O grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza están por debaixo dos 3 puntos.</p>	<p>Si</p>	<p>Recoméndase analizar a información sobre a satisfacción do alumnado non so de forma global, se non tendo en conta os diferentes aspectos avaliados.</p> <p>Esta acción podería englobarse na recollida polo título no seu plan de accións de mellora: <i>Análise da evolución da valoración docente do profesorado do Grao</i>".</p>
--	-----------	---

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos	B
-------------------------	----------

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I07	Os resultados das enquisas de avaliación da actividade docente son públicos e accesibles para todos os grupos de interese.
Fortaleza	I07	Os resultados das enquisas de avaliación da actividade docentes son positivos (en xeral, están por encima da media dos graos da rama e da universidade).
Fortaleza		O título levou a cabo unha análise da evolución dos recursos humanos dende a implantación do Grao en Enxeñaría Informática. O informe é publico para todos os grupos de interese.
Recomendacións para a mellora	E27	Recoméndase incorporar a análise dos resultados das enquisas EAD no informe de revisión pola dirección (participación, resultados, evolución).
Recomendacións para a mellora	I03	Recoméndase analizar cada un dos ítems que forman parte das enquisas de satisfacción por separado, en particular aqueles que teñen que ver coa actividade docente do profesorado.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Tanto para o profesorado como para o alumnado o grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos é medio/alto (3,35 no caso do alumnado e de 4,23 para o profesorado, en ambos casos sobre 5).

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **A**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		A grao de satisfacción do alumando e do profesorado cos recursos materias e servizos é medio/alto (3,35 e 4,23 sobre 5, respectivamente)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	<p>A evidencia aportada no autoinforme do Grao inclúe o título, autor, titor e cualificación de todos os TFG defendidos. Obsérvase una distribución razoable das cualificacións, que permite discriminar entre TFG de diferente alcance.</p>
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	<p>Tanto no informe de revisión pola dirección como nas evidencias aportadas polo título no seu autoinforme, preséntanse os datos e unha análise de resultados de aprendizaxe por materia. Fundamentalmente das taxas de éxito, rendemento e avaliación. Este informe complementase con outro sobre os TFG no Grao en Enxeñaría Informática.</p> <p>Segundo se recolle no propio informe de revisión pola dirección, non todas as materias compren cos obxectivos para as taxas de rendemento, éxito e avaliación establecidos polo propio título. Todas estas materias son identificadas, e propónse unha acción de mellora para estudar a súa evolución.</p> <p>No caso particular do TFG, obsérvase que as taxas de rendemento son baixas (26, 32 % no curso 11/12, 37.78 % no curso 12/13, 34,21 % no curso 13/14 e 39,80 % no curso 14/15), se ven a tendencia é a crecer. Recoméndase analizar cales son as posibles causas e de ser necesario propoñer accións na procura da mellora dos resultados.</p> <p>Recoméndase incluír como evidencia do autoinforme no futuro o informe de cualificacións das materias, onde se pode ver a distribución de notas en cada materia. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accédese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escóllese o informe “AC-E08-Calificación de cada unha das materias”.</p>

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Segundo se recolle no informe de revisión pola dirección non todas as materias compren cos obxectivos para as taxas de rendemento, éxito e avaliación establecidos polo título, en todos os cursos académicos	Si	O plan de melloras do título contempla levar a cabo unha análise sobre a evolución das materias do grao en enxeñaría informática.
No caso particular dos Traballos Fin de Grao, as taxas de rendemento son baixas, aínda que con unha tendencia a crecer.	Si	O plan de melloras do título contempla levar a cabo unha análise sobre a evolución das materias do grao en enxeñaría informática.

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe	B
----------------------------------	----------

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E27	No informe de revisión pola dirección preséntase unha análise dos resultados académicos por materia, identificando aquelas materias que non cumpriron todos os anos cos obxectivos do título, e proponendo un seguimento das mesmas.
Fortaleza	E25-E17	Publicar na páxina web da titulación o conxunto de TFG desenvolvidos nos últimos cursos, con información específica sobre os proxectos.
Fortaleza		O título realizou un informe sobre a evolución do TFG dende a implantación do título. Este informe está accesible para todos os grupos de interese.
Fortaleza	E25-E17	Obsérvase unha discriminación entre as cualificacións acadadas polo alumnado da materia TFG.
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Analizar a evolución das taxas académicas daquelas materias que non compren cos obxectivos marcados polo título, en particular do TFG.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	<p>O informe de revisión pola dirección inclúe unha análise sobre o grao de satisfacción dos diferentes grupos de interese (alumnado e profesorado). Na análise inclúense todos os aspectos avaliados nas enquisas de satisfacción, e a súa evolución nos últimos cursos.</p> <p>Recoméndase estudar a posibilidade de analizar que é o que sucede en aqueles indicadores que están por debaixo de tres (planificación e desenvolvemento das ensinanzas) ou que baixaron significativamente (accións de orientación desenvolvidas).</p>
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	<p>O informe de revisión pola dirección inclúe os datos e unha análise dos resultados de aprendizaxe por materia. Analízanse os indicadores de éxito, rendemento, avaliación e abandono.</p> <p>Ademais do informe de revisión pola dirección o título fai públicos os seguintes informes relacionados cos resultados do título:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resultados das enquisas da avaliación da actividade docente - Informe de análise dos TFG no grao en Enxeñaría Informática - Informe de análise das prácticas curriculares no grao en Enxeñaría Informática - Informe de análise do curso ponte - Informe de análise do abandono e traslado dos estudantes
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<p>O número de estudantes de novo ingreso varía entre os 110 e os 90 alumnos. En relación co último curso, o número de alumnos novos descendeu nun 15 %. Recoméndase estudar a evolución do indicador nos próximos anos, e se é preciso incorporar accións para a súa mellora.</p>
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>En xeral, o grao de satisfacción do profesorado cos distintos aspectos avaliados é positivo, alcanzando as metas fixadas nos obxectivos de calidade.</p> <p>En xeral o grao de satisfacción do alumnado cos distintos aspectos avaliados é positivo, con algunhas excepcións: o grao de satisfacción coa a planificación e desenvolvemento das ensinanzas, cos resultados e coa xestión de calidade que están por debaixo do 3; e o grado de satisfacción coas accións de orientación que pasa do 4,42 a 3,02 no último curso. Recoméndase analizar as causas de estas valoracións, e si se considera necesario levar a cabo accións para a súa mellora.</p>
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	<p>As taxas de rendemento, éxito, e eficiencia alcanzan as metas establecidas polo título de forma global. Non obstante, tal é como se recolle no informe de revisión pola dirección, algunhas materias non alcanzan os</p>

	<p>obxectivos. Recoméndase levar a cabo accións que melloren estes resultados.</p> <p>A taxa de abandono tamén cumpre cos obxectivos establecidos polo título.</p> <p>A taxa de graduación é baixa, e non cumpre cos obxectivos establecidos. Recomendase, levar a cabo accións que melloren estes resultados.</p>
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	<p>Os valores de ocupación, preferencia e adecuación baixaron con respecto ao curso anterior. Polo que aínda que nos dos cursos anteriores cumpríronse os obxectivos de calidade relacionados con estes indicadores, no curso 2014/15 a preferencia e adecuación da titulación están lixeiramente por debaixo. Recoméndase seguir a evolución destes indicadores, e se é preciso incorporar accións que procuren a súa mellora.</p>

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Atendendo aos datos que figuran no Informe de Indicadores Académicos da Universidade de Vigo (https://seix.uvigo.es/uv/web/academico.php), os valores de ocupación, preferencia e adecuación baixaron con respecto o curso anterior.	Si	O plan de mellora da titulación contempla a realización de actividades de promoción da titulación para alumnos e alumnas de primaria e secundaria. Recoméndase ademais, analizar a evolución destes indicadores de acceso (ocupación, preferencia e adecuación) e se é preciso intensificar as accións de promoción da titulación no futuro.
As taxas de graduación son baixas (datos recollidos no informe de revisión pola dirección)	Si	O plan de melloras do centro contempla a realización dunha análise sobre as causas que poden estar afectando a duración dos estudos de grao.
O alumnado do Grao en Enxeñaría Informática valora (en media) a súa satisfacción cos seguintes aspectos por debaixo do 3: planificación e desenvolvemento, resultados e xestión de calidade.	Non	Recoméndase analizar as causas desta valoración, e se é preciso definir novas accións de mellora.
A valoración da satisfacción do estudando en relación coas accións de orientación levadas a cabo no curso 2014/15 baixou en mais dun punto (de 4.42 a 3.02), tal e como se recolle no informe de revisión por a dirección.	Non	Dado que a potencial poboación sobre a que se fai a enquisa cambia con respecto a cursos anteriores (neste curso so participa o alumnado de terceiro), recoméndase como un primeiro paso analizar as posibles causas polas que se produce este descenso, e de ser necesario levar a cabo accións específicas que satisfagan as demandas de orientación de todo o alumnado ou do alumnado de cursos superiores.

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B
---	----------

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E12-E19	<p>Análises por parte da comisión de garantía de calidade sobre os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Evolución dos recursos humanos - Mobilidade - Traballos Fin de Grao - Prácticas Curriculares - Abandono e traslado dos estudantes <p>Este tipo de análise contribúe a mellora nos procesos de toma de decisións. O feito de que sexa a comisión de garantía de calidade o organismo encargado de levalos a cabo pode considerarse unha fortaleza en si mesma, proba da implicación da comisión nos procesos de toma de decisión do centro.</p>
Fortaleza	I03	O grao en Enxeñaría Informática ocupa a posición número 10 en canto a satisfacción global do alumnado entre o conxunto de titulacións da Universidade de Vigo, destacando que é a primeira titulación de Grao que aparece la lista.
Recomendacións para a mellora	I03	Recoméndase analizar as causas que motivaron o descenso na valoración da satisfacción do estudantado coas accións de orientación levadas a cabo no curso 2014/2015.
Recomendacións para a mellora	I03	Recoméndase analizar as causas que motivan una valoración da satisfacción do alumnado por debaixo de 3 en aspectos tales como a planificación e o desenvolvemento, os resultados e a xestión de calidade.
Recomendacións para a mellora	I12	Segundo a información dispoñible a través do Informe de Indicadores Académicos da UVigo a titulación non cumpre cos obxectivos que se marcou para os indicadores de acceso (ocupación, preferencia e adecuación). Recoméndase analizar as causas.
Recomendacións para a mellora	I11	Recoméndase analizar as causas da baixa taxa de graduación, así como analizar a evolución de aquelas materias identificadas no informe de revisión pola dirección, como materias con baixa taxa de éxito e/ou rendemento.

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		En xeral, o plan de acción de melloras recolle os puntos febles mais importantes, e propón accións coherentes para a súa resolución.
Recomendacións para a mellora		Co obxectivo de poder incorporar as decisións que se deriven das accións de mellora no curso 2016/17 recoméndase adiantar a finalización das accións 32, 38 e 40 os meses de maio/xuño de 2016.
Recomendacións para a mellora		Co obxectivo de mellorar os indicadores de acceso de cara o curso 2016/17, recoméndase adiantar o envío de información sobre o grao aos orientadores de secundaria e as charlas os meses de abril/maio, e en todo caso antes de que o alumnado de secundario teña que elixir a carreira a estudar.
Recomendacións para a mellora		Recoméndase considerar a incorporación de novas accións de mellora para afrontar aqueles puntos febles detectados nesta revisión, e que non foron considerados no Plan de Accións de Mellora da titulación.

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado

Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos da páxina 2 deste modelo.](#)

Non procede

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	